

# A crise grega: un fracaso europeo?

*Teresa Barberena Fernández*

## Introdución

---

A primeira referencia deste artigo é a forte crise que está atravesando Grecia. Despois de case dez anos na “zona euro”, o país comeza a amosar as súas debilidades endémicas, en parte causadas pola crise internacional pero, sobre todo, polas controversias políticas, económicas e sociais do país heleno, xa que, tras trinta anos no espazo económico europeo, non foi quen de operar a modernización das súas institucións e da súa economía.

A historia que arrastra Grecia nos últimos anos lastrouna ata o punto de non poder construír un futuro máis esperanzador para os seus cidadáns e de poñer en xaque o presente do euro. Caso diferente, pero con consecuencias semellantes para a súa poboación, é o que actualmente acontece en Irlanda, país que acabou o 2010 pedindo un préstamo aos seus socios para poder asumir o seu endebedamento.

Grecia recordará o 2010 como unha parada máis na viaxe errante que leva o país nos últimos anos, de crises económicas, inflación, fraude fiscal e escándalos de corrupción. En cambio, para Europa, a crise helena foi a primeira gran proba de supervivencia do euro. Un exame sorpresa ao que foi arrastrada polos seus socios helenos, país cunha economía que só supón un 2% do total da economía europea.

Dez anos despois de entrar na “zona euro”, os datos reais do déficit público heleno saíron á superficie. En 2010, a débeda do país incrementouse ata o 113% do PIB. As alarmas dos seus socios europeos disparáronse e tiveron que saír ao rescate non só de Grecia, tamén do euro e dos bancos alemáns, donos da débeda helena. Neste rescate tamén participou o Fondo Monetario Internacional, sendo a primeira vez que este organismo rescata un país membro da Unión Europea.

A crise grega tiña visos de non ser o único rescate dun país membro da UE nesta forte crise económica mundial da primeira década do século XXI. Meses despois da petición de axuda helena, en novembro de 2010, o endebedamento irlandés volveu cuestionar os beneficios da “zona euro”. No caso irlandés, meses antes xa Grecia lle demostrara que, ás veces, estar nos grandes clubs como é o caso da “zona euro”, resulta moito máis custoso ca beneficioso, sobre todo para a poboación. Os recortes sociais e a suba de taxas foron as fórmulas privilexiadas, de maneira que os cidadáns pagan as desfeitas do sistema financeiro dos seus países.

No caso grego, Atenas levaba dez anos proporcionando datos falsos sobre o seu déficit aos seus socios da UE, a fin de poder pertencer á “zona euro”. O feito agravouse aínda máis coa chegada da crise. Pero se os datos son datos e a súa falsificación, consentida ou non durante anos, non foi importante en Bruxelas, si que o foi